


Inicio eclipse parcial	19:30:46
Inicio total/anular	20:26:52
Máximo del eclipse	20:27:47
Fin total/anular	20:28:41
Fin eclipse parcial	21:21:11
Duración: 1h 50min 25s	



Elevación del Sol
11.1776°



Azimut del Sol
279.9346°



Unha eclipse para ti

Antonio Gregorio Montes

Introdución: Astronomía?

Na escola vanse pasando etapas que corresponden, en certo xeito, ó propio desenvolvemento histórico do coñecemento. E aínda hoxe en día hai moita xente que ten unha tendencia a confundir astro-nomía e astro-loxía. A astroloxía está asociada ó horóscopo, a tentar aproveitar a disposición dos ceos para facer predicións sobre as persoas, mentres a astronomía está asociada á medición dos astros (que é o que significa a palabra como está construída), tenta estudar a súa evolución nos ceos, algo ben diferente ó anterior.

Eclipse. Etimoloxía e historia

Collo do dicionario da RAG: “Fenómeno que consiste en quedar oculto á vista un astro, total ou parcialmente, por quedar tapado por outro.”

Provéñ do latín ‘eclipsis’, e este do grego “ἔκλειψις” (ékleipsis) que ven a ter o significado de ‘desaparición’.

Podemos observar eclipses de Sol, de Lúa ou doutros astros, se ben neste último caso o nome máis adecuado sexa o de ‘conxunción’ e non soan transcender a pesar de ser máis raras que as anteriores, por ser moito menos visibles a ollo nu.

As eclipses aparecen ben cedo na historia, habendo na biblia diversas referencias de fenómenos semellantes, mesmo sendo empregados polos israelitas fuxindo de Exipto cos coñecementos dos sabios exipcios para

instrumentar profecía e medos nos seus inimigos. Profecías e medos asociados ás eclipses que foron unha constante ó longo da historia, apoiados no descoñecemento da xente común sobre astronomía.

Persoalmente, podo referir unha anécdota vivida por un dos meus avós. O 30 de agosto de 1905 tivo lugar unha eclipse de Sol que chegou a ser total na cunca do río Sor, onde vivía meu avó. Con menos de dez anos, foi enviado pastar as vacas, e ó sentir caer a luz, volveu con elas á corte, pensando en que se lle pasara rápido o tempo. Pouco despois, levou a sorpresa de que a luz volvía... e tivo que volver alindar as vacas.

Hoxe, as eclipses non nos collen de sorpresa: están tabuladas máis aló do seguinte milenio!

Eclipse: o que é

Máis aló do seu significado a través da lingua e a súa interpretación na historia, como se produce e que é unha eclipse?

A Lúa xira arredor da Terra e ambas en conxunto arredor do Sol. No seu camiño, como ambos xiros non están no mesmo plano, senón que se cruzan ambos planos, non sempre pero hai veces que están aliñados Sol, Terra e Lúa ou Sol, Lúa e Terra. Neses casos, temos as eclipses. Cando só se aproxima o aliñamento entre os tres astros, temos Lúa Chea ou Lúa Nova respectivamente.



Así pois, no caso límite de Lúa Nova, cando non vemos o Sol por quedar total ou parcialmente detrás da Lúa, é un eclipse de Sol. Se é a Lúa a que non se ve por quedar na sombra da Terra, teremos un eclipse de Lúa. É dicir, as eclipses de Lúa prodúcense xusto nas lúas cheas ideais, mentres as eclipses de Sol fano nas lúas novas.

O Sol e a Lúa están a unhas distancias da Terra duns 150 millóns de km e 380 000 km, pero por ser o Sol dun diámetro unhas 400 veces o da Lúa, mal chega a tapar esta, nas mellores

circunstancias, o disco solar e producir a eclipse solar total, ou mesmo tapalo en parte e producir unha eclipse parcial. Así, en canto nos desviamos dun a outro punto da Terra, ou a outro momento no mesmo punto a eclipse cambia as súas características mesmo deixando de aparecer como tal (é dicir, non sendo visible). Por iso as eclipses de Sol son avisadas para uns puntos da superficie terrestre e non para outros, e de ser totais, sempre teñen un máximo dunha duración como moito de poucos minutos (ó que hai que engadirlle a duración do ‘tapado’ e ‘destapado’ do sol, dunha media hora cada un). Nas eclipses de Sol totais pódese ver a coroa solar (a parte máis externa da estrela) ó tempo que as estrelas que máis brilan.ⁱ



En troques, a sombra que a Terra pode producir sobre a Lúa é abondo maior ca esta, cun diámetro unhas tres veces o da Lúa, podéndose ver como se oculta a Lúa dende todo o hemisferio no que é noite, e durando a totalidade mesmo varias horas dende o seu comezo ata o seu final (ó que hai que engadir o período no que se vai ocultando e reaparecendo).

Algo de comparación e xeometría para xulgar a grandeza da eclipse

Cos coñecementos de hoxe, podemos aplicar unhas poucas consideracións elementais para ter unha comprensión diríamos, 'matemática', da eclipse.

A Lúa, o Sol e a Terra son aproximadamente esféricos. Así, Sol e Lúa vense dende a Terra como círculos. Nas eclipses, o que sucede é que a sombra dun círculo tapa a outro.

O Sol ten un diámetro unhas cento dez veces o da Terra, e a Lúa algo máis dun cuarto do da Terra. Se a Lúa pode ocultar ó Sol é porque se move unhas 400 veces máis cerca de nós. É dicir, de xeito aproximado, as dimensións e a distancia están na mesma proporción. E se hai eclipses que logran ocultar o disco solar e

outros que deixan visible a capa máis externa é porque as distancias de ambos astros á Terra varían: un 10 % no caso da Lúa, máis dun 1,5 % no caso do Sol, o que os fai aparecer máis grandes ou máis pequenos relativamente.

Precaucións ante a eclipse

Cando se vai ocultando o Sol, ocorren diversos efectos como o cambio de comportamento dos paxaros, ou mesmo a maior mortandade de bacterias!ⁱⁱ Algúns podemos percibilos de xeito doado, outros non tanto, e algúns poden asombrarnos e prexudicarnos. Por iso, antes de comezar a mergullarnos na observación da eclipse, cabe facer unha advertencia e tomar as precaucións pertinentes: As eclipses vémolos, é dicir, empregamos os ollos. Mais se miramos directamente no caso da eclipse de Sol, supón

mirar fronte a unha fonte luminosa potentísima como é o Sol, nun momento no que as pupilas están dilatadas por haber pouca luz ambiente, e polo tanto, un momento no que entra máis radiación no ollo, e cargar coas consecuencias de estragar ese instrumento noso para manexar a luz que son os ollos. Así, se non queres perder a vista, non o mires de xeito directo, senón de forma indirecta ou a través dalgún tipo de instrumento ou filtro adecuados.

O anterior inclúe tanto cando a eclipse vai aparecendo como no pico da eclipse, xa que mesmo nas eclipses totais, arredor da Lúa aparece luminosidade da coroa solar.



Para previr danos oculares, as posibilidades son moitas. Distribuíndoas en dúas familias e collendo as máis populares, temos;

- *Observación indirecta*

Cando o Sol se vaia ocultando, ou despois, ó irse despexando, poderemos observar a sombra das follas das árbores formando no chan ou mellor, nunha parede, milleiros de lúas

minguantes ou crecentes. É unha visión da eclipse pode que menos científica, pero quizais a máis artística e bela das posibles.



Dentro da observación sinxela, a proxección é o método que máis me gusta. A metodoloxía non pode ser máis simple. Por exemplo: dispoñendo dun espello de man, escoller unha parede o

máis lisiña posible (que vai servir de pantalla) e proxectar a unha certa distancia a imaxe solar. Se achegamos o espello á parede, observaremos máis ou menos luminosidade, pero non a eclipse, por iso temos que afastar o espello da parede, para que a proxección forme unha imaxe clara do que está a suceder.



Un método indirecto bo para máis pequenos, para que podan ir colléndolle gusto antes de que ocorra a eclipse é por proxección nunha caixa: cóllense dúas caixas de zapatos (mellor ca unha, por formarse mellor a imaxe), quítaselles

un fondo a cada unha e únense as caixas e as tapas sen fendas que permitan entrar a luz. Nun dos extremos, un furado pequeno (feito cunha agulla grosa vale), e na tapa, cara á beira contraria, unha ventá (un cadradiño) de observación. Pode experimentarse e familiarizarse con antelación apuntando cara ó Sol e vendo o disco solar.

- Observación directa

Non está de máis volver repetir a advertencia: Non mires ó Sol directamente sen algún tipo de filtro forte! (nin durante a eclipse nin outro momento). Usa sempre un filtro.

O filtro máis sinxelo, seguro e efectivo son as gafas de eclipse, homologadas, que permiten ter comodidade, seguridade e tranquilidade na elección por cousa duns tres euros en diversas web e establecementos.



Despois, os máis socorridos son os filtros usados nas gafas de soldar, con tono de graduación aconsellados 13 ou 14: con menos,

seguimos obtendo demasiado brillo e con máis, teríamos demasiada pouca luz.

Canto dura unha eclipse?

As posicións relativas dos astros cambian, o que permite entrar e saír dunha eclipse. Mais tamén nas eclipses hai variación da posición relativa entre os astros, tanto no transcurso ('dentro') dunha eclipse, como dunhas eclipses en relación a outras, polo que todas as eclipses non duran o mesmo. Así, nunha eclipse de Sol a totalidade, cando a hai, pode ser como moito de algo máis de sete minutos, e o conxunto da eclipse, dende que comeza a ocultarse o Sol ata que volve a ser plenamente visible, dunha duración de ata unhas dúas horas. No caso da eclipse de 12 de agosto de 2026, en Ribadeo, a eclipse durará unhas dúas horas menos dez


minutos, e a eclipse total, cousa dun minuto cincuenta segundos.

Onde se ve esta eclipse?

O mesmo que a duración, o visionado dunha eclipse de Sol varía, e non só segundo as posicións relativas, senón tamén segundo como está xirada a Terra, como está orientada en relación ós outros astros.


No caso da eclipse de 12 de agosto de 2026, a eclipse verase nunha franxa que comezando ao norte de norteamérica, atravesa o atlántico e a península ibérica, á que entre polo norte de Galicia, ate rematar sobre as illas Baleares. A nosa comunidade é a zona de España máis afortunada para ver a eclipse. Os esquemas: xusto antes de entrar Galicia na zona de totalidade, a sombra de totalidade e a zona de

parcialidade, hora e duración da totalidade no punto máis favorable a esa hora; e no segundo, o recorrido total de toda a eclipse (a limitada en azul é o recorrido da zona de eclipse total). Neste último, a 'foto' está tomada no momento central da eclipse, o máis favorable.



Total
Saros 126


2026 Aug 12
17:47 TD



A eclipse e Ribadeo

Hai cousas claras: se está nubrado, a eclipse verase e sentirase de xeito diferente que se está despexado. E, dun punto a outro da superficie terrestre, hai pequenas diferenzas, non só en entanto poda haber ou non nubes, senón no que se ve ou na duración.

En Ribadeo podemos establecer unha táboa e un plano, que serven de aproximación para todo o entorno do concello. Son os seguintesⁱⁱⁱ:




Na táboa especificase o horario (hora legal en España) de comezo (sete e media da tarde), o comezo da ocultación total (oito e 27 min 52 s), máximo (oito e 27 min 47 s), remate do máximo (oito e 28 e 41 s)... É dicir, a eclipse total en Ribadeo durará 1 minuto e 49 segundos.

A web de onde tomei a imaxe, <https://visualizadores.ign.es/eclipses/2026>, pode adaptar o punto a calquera da xeografía

española, non só ó centro de Ribadeo, polo que podes prepararte para ver a dirección na que poderás ver a eclipse, e a inclinación. Iso último, fundamental porque se tes unha montaña de máis de 200 m de alto a un quilómetro de distancia na dirección da eclipse, terás que desprazarte para velo, porque se non, a montaña taparacho...

Aquí quedan uns cantos puntos preferentes de observación no entorno de Ribadeo:



1: Monte Mondigo

2: Chao do Comado (Barreiros)

3: Punta do Castro (Barreiros)

4: Terceira cetaria de Rinlo

5: Área recreativa da Punta do Mourón en Piñeira

6: Punta da Cruz

7: Castropol (puntal, cemiterio...)

A ter en conta en calquera caso, de comprobar, dende o punto elixido para observación, a

posición do Sol e a súa visibilidade á hora da eclipse os días anteriores ó mesmo.

Detalles dunha eclipse

Nunha eclipse hai cousas que imos notar de xeito inmediato, pero que ó mellor non sabemos darlles unha explicación. Ou cousas que non notaremos moito, mais están aí.

O que mellor se observa ó longo dunha eclipse de Sol é a falta de luz, que vai sendo progresiva tanto ó escurecer como ó volver clarear. É consecuencia de que a Lúa se vaia interpoñendo máis e máis (e logo, menos e menos) entre Sol e Terra. A imaxe que presenta o Sol pasa de ser un disco a un minguante ou un crecente, a modo das fases que se poden observar na Lúa. No caso de eclipse total, como o que se poderá observar en Ribadeo, podemos

ver a coroa solar, un halo luminoso cambiante arredor do Sol (neste caso, visto arredor do negro que é a sombra da Lúa). Pero, se as distancias relativas Sol-Lúa-Terra non no permitiran, poderíamos ver unha eclipse anular, é dicir, a superficie solar como un anel luminoso arredor da negrura deixada pola sombra luar.

Xunto con estas observacións no campo da astronomía, nas eclipses síntese frío ó faltar a luz solar. E os animais en xeral entenden que hai algo extraordinario e axítanse nervosos polo que sucede.

Un detalle en relación a esta eclipse.

A data de 12 de agosto é senlleira na astronomía na Terra: esa noite, tódolos anos, é o máximo das estrelas fugaces Perseidas, tamén chamadas 'Bágoas de San Lourenzo' por

ser ese día a celebración de dito santo. Iso implica que despois do espectáculo da eclipse, á noite, poderemos observar a caída de meteoros deixando rastro luminoso no ceo a partir do punto radiante da constelación de Perseo. O seu número acada taxas de un cada minuto. Os meteoros son producidos polo cometa Swift-Tuttle.^{iv}

As eclipses máis próximas no tempo

As eclipses totais de Sol ocorren máis ou menos cada 18 meses nalgún lugar da Terra, mais para un lugar concreto, a perioricidade coa que se pode observar unha eclipse total é duns 400 anos. Considerando calquera tipo de eclipse de Sol, suceden unha vez (en casos excepcionais, dúas, separadas un mes) cada seis meses.^v

As eclipses lunares son moito máis observables por verse dende toda unha cara da Terra ó tempo. No século XXI haberá 228 eclipses lunares, dos que máis da cuarta parte serán totais.^{vi}

As próximas eclipses solares serán o seis de febreiro e o dous de agosto de 2027 (este último, total visible desde o sur da Península Ibérica), e o 26 de xaneiro (visible desde España como anular) e 22 de xullo de 2028. O conxunto das tres eclipses solares vistas dende a península nun período de tempo tan pequeno é un episodio raro.

Notas e apuntes diversos

- i <https://www.aam.org.es/eclipse-2026/faq-eclipse-agosto-2026/>
- ii <https://www.gciencia.com/tribuna/eclipse-solar-o-que-lles-ocorre-as-bacterias-cando-o-sol-desaparece/>
- iii <https://visualizadores.ign.es/eclipses/2026>
- iv <https://gl.wikipedia.org/wiki/Perseidas>
- v https://gl.wikipedia.org/wiki/Eclipse_solar
- vi https://gl.wikipedia.org/wiki/Eclipse_lunar

As figuras ben foron collidas de commons.wikimedia.org ou son propias, estando en ambos casos en Dominio Público.

Mapa do concello de Open Street Map, lic.

<http://opendatacommons.org/licenses/odbl/1.0/>

A eclipse na pantalla:

Entre outros lugares, a ESA retransmitirá a eclipse,

(<https://watch.esa.int/> ou

<https://youtube.com/live/DRDx2xDR8NA>), e será

instalada unha pantalla nas Catedrais para ver a eclipse en Lalín, comentada polo prof. José Angel Docobo.

Moitos outros materiais están dispoñibles a través da rede e outros medios. Para nenos, en castelán, aconséllase o kit educativo da ESA <https://cesar.esa.int/index.php?Section=Eclipses&ChangeLang=es>

Un lugar con detalle:

https://www.eldiario.es/sociedad/mapa-ver-eclipse-solar-12-agosto-recorrido-visibilidad-municipio-minuto-minuto_1_13329048.html

Ribadeo, Maio de 2026

[Lic. CC BY SA 4.0](#)